

ASUNTO: DECRETO MODIFICACION PROTOCOLO USO PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA E XIMNASIO

O Decreto de Alcaldía do 29 de xuño de 2020 aproba a apertura da Piscina Climatizada Municipal no seu horario de apertura habitual a partir do luns 13 de xullo dentro dun cronograma de actuacións previas de posta a punto das instalacións. Aproba tamén o deseño dun protocolo específico de uso da instalación adaptado ós novos requirimentos e necesidades derivados da crise sanitaria do COVID - 19.

O Decreto de Alcaldía do 13 de xullo de 2020 aproba o protocolo de uso da Piscina Climatizada Municipal a partir do luns 13 de xullo de 2020, deseñado tendo en conta a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do plan para a transición cara a unha nova normalidade, que regula, entre outras cousas, a apertura de piscinas, a actividade en instalacións deportivas así como as medidas de hixiene e prevención a levar a cabo.

A Xunta de Goberno Local celebrada o día 14 de setembro de 2020 acordou a modificación do protocolo de uso da Piscina Climatizada Municipal e Ximnasio para adaptalo á orde do 9 de setembro de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

O Decreto de Alcaldía do día 22 de outubro de 2020 aproba a modificación do protocolo de uso da Piscina Climatizada Municipal e Ximnasio para adaptalo á orde do 21 de outubro pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma e Galicia.

A orde do 19 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón unha serie de medidas que afectan á actividade que actualmente se desenvolve na Piscina Climatizada Municipal:



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento
se puede comprobar con el código
07E500069F7900Y6N8Q4K1L1B1
en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 21/01/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 22/01/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/01/2021 08:41:51

DECRETO: 2021000091
Fecha: 22/01/2021
Hora: 08:41
Persona 76561868C



Terceiro. Modifícase o punto 6 do anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Modifícase o punto 6 do anexo III da Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

6. Actividades e instalacións deportivas

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva ata un máximo de catro persoas sexan ou non conviventes, excluído o monitor. Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva de forma individual, ou colectiva cun máximo de catro persoas, sexan ou non conviventes, excluído o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

En ningún caso se abrirán aos usuarios os vestiarios e zonas de duchas, podendo habilitarse, nos casos estritamente necesarios, espazos auxiliares. A ocupación máxima dos devanditos espazos será dunha persoa, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, nese caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante. Deberá procederse á limpeza e desinfección dos referidos espazos inmediatamente despois de cada uso, así como á finalización da xornada.

Quedan suspendidas as competicións deportivas de nivel autonómico. Os correspondentes adestramentos quedarán sometidos ás mesmas limitacións co resto da actividade física e deportiva prevista neste punto, debendo respectarse as limitacións de entrada e saída existentes en determinados ámbitos territoriais e as limitacións establecidas á liberdade de circulación das persoas en horario nocturno.

As competicións deportivas federadas de nivel nacional e os seus adestramentos des-envolveranse de acordo co establecido pola administración competente e de conformidade coas limitacións establecidas nos protocolos federativos correspondentes"



A actualización da nota informativa sobre restricións en piscinas pola Orde do 3 de decembro de 2020, de data 21 de xaneiro, establece que:

“Nas piscinas que se atopen abertas, os usuarios poderán facer uso dos vestiarios durante o tempo necesario e imprescindible, sempre que se garanta a distancia interpersoal con respecto a outros usuarios, o aforo establecido e o uso obrigatorio de máscara. Deberá procederse á limpeza e desinfección deles de xeito frecuente, así como á finalización da xornada. En ningún caso, poderá facerse uso das duchas.”

Tendo en conta estas disposicións é necesario modificar o protocolo de uso da Piscina Climatizada Municipal e Ximnasio para adaptalo á nova normativa.

Con base no anteriormente exposto, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á modificación do protocolo de uso da Piscina Climatizada Municipal e Ximnasio que queda redactado como segue:

“PROTOCOLO DE USO DA PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL E XIMNASIO MOTIVADO POLA CRISE SANITARIA DO COVID - 19.

1. A piscina climatizada municipal poderá ser utilizada tanto por abonados como por persoas que accedan ó centro adquirindo unha entrada puntual de día.
2. Para acceder ás instalacións non será necesario concertar cita previa pero sí será necesario respectar os aforos establecidos para cada un dos espazos.
3. Os aforos establecidos para cada un dos espazos son os seguintes:
 - Vaso grande (25 m. x 12,5 m.): 24 persoas (max. 4 en cada rúa)
 - Vaso pequeno (12,5 m. x 6 m.): 15 persoas
 - Ximnasio: 20 persoas
 - Vestiario masculino: 17 persoas
 - Vestiario feminino: 17 persoas



- Cafetería: 6 persoas
4. Establecerase unha circulación obrigatoria no interior da instalación que terá que ser respectada por todas as persoas usuarias. Esta circulación estará indicada con sinais de dirección e cartelería.
 5. Haberá xeles desinfectantes en diferentes puntos da instalación a disposición das persoas usuarias.
 6. Colocaranse carteis coa normativa de uso dos diferentes espazos así como coas limitacións de aforo establecidas.
 7. No interior da instalación é obrigatorio o uso de máscaras en todos aqueles espazos non deportivos (recepción, corredores de circulación, vestiarios e cafetería).
 8. É obrigatorio desinfectar as mans ó entrar na instalación facendo uso dos dispensadores de xel desinfectante que estarán a dispor das persoas usuarias.
 9. Procurarase manter a distancia de seguridade de 1,5 metros co resto de persoas usuarias.

NORMAS ESPECÍFICAS PARA USUARIOS/AS DAS PISCINAS:

- É obrigatorio respectar os aforos establecidos para cada un dos vasos.
- O acceso ó vaso grade realizarase, obrigatoriamente, pola marxe máis próxima á saída dos vestiarios. Do mesmo xeito a saída do vaso debera realizarse polo mesmo sitio, estando prohibido o acceso ou a saída do vaso por outra zona diferente á establecida.
- Será o/a socorrista a persoa que controlará que se cumpran os aforos establecidos en cada un dos espazos.
- Unha vez completo o aforo dalgún dos espazos o usuario non poderá acceder e terá que esperar á saída doutros usuarios/as.
- Non se permite a utilización do jacuzzi.
- Non se permite a utilización das saunas.



- Non se poderá utilizar o material destinado a cursos de natación nin doutra índole, dispoñible na instalación. No caso de precisar material de adestramento cada usuario deberá levar o seu propio.

NORMAS ESPECÍFICAS PARA USUARIOS/AS DO XIMNASIO:

- É obrigatorio respectar o aforo establecido para o ximnasio.
- Unha vez completo o aforo o/a usuario/a non poderá acceder ó ximnasio e terá que esperar á saída doutros usuarios/as.
- É obrigatorio limpar as mans con xel desinfectante antes de entrar ó ximnasio.
- É obrigatorio manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros, así como o uso de máscara en todo momento, incluído durante a práctica deportiva.
- É obrigatorio a desinfección do material compartido despois de cada uso. Para iso establece un punto de desinfección onde os usuarios/as terán á súa disposición todo o necesario para levar a cabo a desinfección do material utilizado.
- É obrigatorio o uso de toalla.

NORMAS ESPECÍFICAS PARA USUARIOS/AS DOS VESTIARIOS:

- Está permitido o uso de vestiarios durante o tempo necesario e imprescindible.
- Non está permitido o uso das duchas.
- É obrigatorio respectar o aforo establecido para os vestiarios.
- Unha vez completo o aforo o/a usuario/a non poderá acceder ó vestiario e terá que esperar á saída doutros usuarios/as.
- É obrigatorio o uso de máscara no interior dos vestiarios.
- No interior dos vestiarios só se poderán utilizar para mudarse as zonas marcadas cun punto de cor verde.
- Non se poderán deixar bolsas, mochilas ou calquera outro tipo de material persoal nas perchas ou enriba dos bancos. Todo o material persoal haberá que depositalo nunha das taquillas habilitadas. Para iso cada usuario deberá levar o seu cadeado que permita deixar a taquilla pechada.

NORMAS ESPECÍFICAS PARA USUARIOS/AS DA CAFETERÍA:

- É obrigatorio respectar o aforo establecido para a cafetería.





- O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupación de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. Non está permitido o consumo en barra.
- En canto ás agrupacións de persoas no interior do establecemento estarán limitadas a un máximo de catro persoas.
- A cafetería estará aberta ata as 18:00 h. para consumo no interior.

SEGUNDO.- Dar traslado do mesmo ao técnico de deportes e proceder á publicación na páxina web municipal.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario

